



**RESOLUCIÓN DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA POLA QUE PUBLICA A RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS E OS RESULTADOS DEFINITIVOS DE BAREMACIÓN NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE VOLUNTARIA PROVISIONAL NO ÁMBITO DA ESTRUTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA (2º xeración de listas).**

Con data 27 de xaneiro de 2017 asinouse Acordo entre a Xerencia de Xestión Integrada da Coruña e os representantes dos traballadores das centrais sindicais CCOO, CESM-OMEGA, CIG, SAE e UXT co obxecto de regular os procesos de mobilidade voluntaria provisional dentro do ámbito territorial da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Área Sanitaria de A Coruña.

Segundo configura a base quinta do Acordo, trátase dun procedemento aberto e permanente con actualización de listas de carácter semestral. O 31 de outubro de 2017 estipulouse como data de corte para a actualización das listaxes e posibilitar tanto a inscrición de novos aspirantes como a modificación da solicitude realizada polos aspirantes admitidos na primeira xeración de listas. Tendo en conta as bases do Acordo de mobilidade provisional, esta Xerencia de Xestión Integrada,

**RESOLVE**

**Primeiro:** Publicar a relación DEFINITIVA de solicitantes admitidos/as e excluídos/as e os resultados definitivos de baremación no procedemento de mobilidade voluntaria provisional no ámbito da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña, na nova xeración de listas de 31 de outubro de 2017.

**Segundo:** Os anexos coas listaxes mencionadas no apartado anterior poderán examinarse no taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada do Hotel de Pacientes, na web do Espazo do profesional desta Estrutura e no taboleiro de anuncios da Dirección do Hospital de Cee.

Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a solicitante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos/mobilidade voluntaria interna.

**Terceiro:** Publicar a relación de prazas vacantes a ofertar (vacantes producidas entre setembro e decembro do ano 2017).

**Cuarto:** proceder á oferta das mesmas aos solicitantes en función da orde de prelación obtida.

A Coruña a 29 de decembro de 2017

O Xerente da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña

SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE  
A Coruña

Assinado por Luis Verde Remeseiro

**XERENCIA**

DILIXENCIA, que se expide para facer constar que a presente resolución foi publicada no taboleiro de anuncios da Xerencia e na páxina web do Espazo do profesional da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña o día 29 de decembro de 2017.

O Director de Recursos Humanos da EOXI de A Coruña

SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE

Assinado por Javier Fernández Nistal

